

# A industria téxtil dos irmáns Benjamín e Juan Lees

Jose Manuel Pidre Novás

A instalación dunha fábrica de tecidos a finais do século XVIII en Pontevedra, que daquela contaba cun padrón de poboación de 908 veciños, foi un feito de indubidable transcendencia para a economía da cidade, o que xustifica este breve escrito onde se aborda o devandito suceso.

O emprazamento da industria era onde se atopan na actualidade a igrexa parroquial de San Bartolomé e o edificio Sarmiento do Museo da nosa cidade, que daquela limitaba polo leste coa muralla e polo norte co río Lérez. Foron a igrexa e o Colexio da Compañía de Xesús, propiedades das que foran desposuídos en 1767, o que provocou a súa saída da vila.

Os inicios desta fábrica remóntanse ao ano 1793, coa presentación por parte dos irmáns ingleses, orixinarios do condado de Lancaster, Benjamin e Juan Lees Holden, dunha instancia onde solicitan autorización para a instalación na nosa cidade dunha fábrica de embarrar, cardar, fiar e tecer la e algodón, o que indica que estará no edificio onde estaba o colexio dos xesuítas, e que daquela se utilizaba como colexio de primeiras letras e para o ensino da gramática latina; ademais, servía de aloxamento para os profesores que alí impartían clases. Isto supuxo que o inmovible estivese infrautilizado, xa que a maioría das súas dependencias estaban desocupadas, o que sumou un plus adicional para facilitar a obtención do permiso solicitado.

De feito, a autorización foi concedida, incluso antes do previsto, por real permiso do 17 de outubro de 1793, onde se lles cede, para uso exclusivo da industria, o resto das estancias que

estaban baleiras, ademais da horta pertencente a dita edificación; e segundo se detalla, transmítense por un período de tempo ao que a industria estea en funcionamento, iso si, baixo a dirección dos irmáns Lees ou dos seus herdeiros.

Un par de meses despois, concretamente o 29 de novembro, solicitan ao Consulado da Coruña unha axuda económica de trinta mil reais, cantidade que, segundo os seus cálculos, é a que precisan para poder instalarse, acometer a construción das máquinas imprescindibles para o funcionamento da fábrica e para poder sufragar o mantemento da aprendizaxe dos traballadores durante un período de seis anos. Desá cantidade, e nada máis comezar as obras da instalación da industria, adiantáronse oito mil reais.

O 23 de febreiro do ano seguinte solicítase, mediante real orde, un informe no que se detalle a situación na que se atopa a industria, tarefa que se lle encomenda ao veciño da cidade D. Bernardo José de Mier, quen presenta un documento claramente favorable aos intereses dos irmáns Lees, para os que non regatea eloxios, enalzando o seu proxecto con comentarios como cando fala da *“indubidable utilidade da industria para a cidade”*, ao tempo que subliña a oportunidade que se presenta, de darlle un uso axeitado ao xardín e á parte do edificio que aínda permanecía desocupada.

Este documento remíteo ao goberno de Madrid, a través da xunta de goberno do concello, xunto cunha recomendación que incorporan ao mesmo solicitando que se evite gravar a concesión para favorecer a boa marcha da industria.

Por parte da S.M. o Rei, a través do R.O. o día 29 de maio, comunícase a aprobación da solicitude, para que o día 26 de novembro, D. Manuel Doz, pertencente ao padroado da S.M. no Consulado de Castela, que actúa como comisionado do seu gobernador, dispón que se poñan a disposición dos irmáns Lees as habitacións desocupadas do colexio e a horta, deixando para uso do profesorado as estancias que viñan ocupando no primeiro claustro, a sala que serve de despacho e arquivo da Comisión, a cociña na planta principal e algúns despachos máis situados na planta baixa, indicando que polo uso do xardín que daquela estaba arrendado por tres anos, os irmáns Lees teñen que pagar os mesmos seiscentos reais anuais, que xa estaban rendendo. Todo isto foilles concedido sen prexuízo de calquera outra axuda que puidesen obter para a fábrica.



Apenas un ano despois mellorouse esta adxudicación, ao engadir á concesión unha serie de dependencias que antes quedaran excluídas, e que, grazas á insistencia desenvolvida reclamando a súa necesidade para a fábrica, fóronlles concedidas.

O 25 de decembro de 1795, o ministro de Facenda o Sr. Gardoqui, nomeou como xuíz exclusivo da fábrica a D. Pedro de Varela e Ulloa, a quen lle impón como tarefa cara aos irmáns Lees ser unha "persoa que os protexa e axude en calquera momento" na súa condición de deputado delegado de Comercio e Moeda; á súa morte sucedeuno D. Manuel de Irazabal.

Por R.O. do 27 de xaneiro de 1797 concédese un novo préstamo de cincocentos mil reais de vellón, o que supuxo que o 4 de xuño de 1798 se lle solicite informe ao señor Irazabal, onde indicase o estado da Real Fábrica de la e tecidos de algodón e tamén se incluíse o número de máquinas instaladas e os traballadores contratados para a súa xestión.

Todas as máquinas foron feitas na fábrica por eles mesmos e na data sinalada teñen rematadas e funcionando dúas máquinas de cardar, de 1 e 18 cilindros respectivamente, unha para abrir e limpar a la e o algodón, outra para fiar groso con 40 fusos e vinte máis con 80 fusos para fiar fino, tres con 80 fusos cada unha, outras tres máquinas de torcer e igualar con 70 fusos de aceiro cada unha, unha urdidora e corenta teares (están previstos setenta), unha lavadora para tecidos de algodón e un forno co seu cilindro de ferro para eliminar ou queimar os pelos dos tecidos de pana.

No horto construíranse dúas casas, na primeira instalouse unha roda que xiraba por tracción animal, con cabalos, e servía para mover as máquinas de cardar. A segunda casa era onde se

daba tintura aos tecidos. A maquinaria existente completábase con caldeiras de carbón, que se empregaban para quentar auga e producir vapor.

Son noventa as persoas que están a traballar, entre as que se atopan homes, mulleres e nenos, que cobraban salarios polo seu traballo moi superiores aos que se cobraban noutro tipo de empresas, e pagábase segundo o rendemento que cada un deles conseguise.

O avance da industria non pode ser máis satisfactorio, o que provocou un incremento dos teares instalados, algúns dos cales incluso se situaron en vilas da contorna, e mesmo se contemplaba a posibilidade de instalar un no Hospicio de Santiago de Compostela.

Esta bonanza fai que o 24 de maio de 1812 os irmáns Lees, coñecedores de que en Galicia non hai unha fábrica de tecidos, despois de que os franceses ao seu paso arrasaran as que existían; son conscientes da urxente necesidade de montar unha, o que os anima a instalala no mesmo edificio, o que obriga necesariamente a contar cunha importante subministración de auga doce para as caldeiras, mover os batáns e outras máquinas, e para conseguir ese caudal precisan facer unha traída de augas dende un estanque que proxectan construír na Xunqueira da Seca, para dende alí seguindo as beiras do río Lérez ir ata os terreos da fábrica. En previsión de que este abastecemento de auga poida dificultar o paso de persoas e carruaxes pola estrada que vai de Santa Clara a Mourente<sup>1</sup>, na súa proposta comprométese a construír polo mesmo lugar outro viario, cuxo trazado contemplase a construción das pontes que sexan necesarias, cunha anchura

suficiente para permitir o paso de dous carros simultaneamente.

Recibida a solicitude, realizase unha visita para recoñecer o terreo da Xunqueira por parte dos rexedores e da Fiscalía, confirmando a intención de facer o estanque na Xunqueira, cun muro situado na beira do río Lérez no lugar chamado Pozo do Crego e correndo ata o castelo da horta, na parte nordeste da súa propiedade.

Os trámites rematan o 5 de xuño de 1812, cunha acta onde se di que dado o interese que supón a instalación da devandita fábrica, non ven inconveniente en conceder a autorización solicitada, pero que inclúe varias condicións entre as que se atopa a obriga de facer o muro o máis sólido posible, os compromisos de realizar o mantemento necesario para ter sempre as instalacións en perfecto estado, e de devolver todo ao estado inicial, se xa non fose necesaria a instalación.


Finalmente, vense obrigados a facer un camiño que, partindo de Santa Clara, conecte co que leva a Mourente e outro paso que dende a rúa do Berrón e a Porta da Muralla chegue ata o muro do estanque, o suficientemente ancho para que poida ser utilizado como lugar de paseo.

Tres días máis precisa o concello para trasladarlles aos irmáns o permiso oficial do solicitado.

Pero debido ás reclamacións formuladas polos xesuítas das propiedades que lles foran arrebatadas, o 17 de xullo de 1815, recibíuse no concello un documento<sup>2</sup> asinado por D. Pedro García Diego, onde di que mentres a Xunta de Comercio e Moeda, estuda as alegacións presentadas, non se debe tomar ningunha decisión coa fábrica dos irmáns Lees, e moito menos pensar en expulsalos.

<sup>1</sup> A zona que ocupan actualmente o Estadio da Xuventude e a rúa Padre Fernando Olmedo era O Camiño Vello, que tiña varias pequenas pontes que o facían transitable, e que daquela era unha xunqueira cuberta polas augas do Río Lérez e o regato Valdecorvos que desembocaba na ponte dos Tirantes, onde había unha desembocadura ampla, como se ve na Foto.

<sup>2</sup> AHPP – Concello de Pontevedra – leg 10 (1)



Pero a duración desta orde é moi curta, xa que queda revogada no que se refire á fábrica dos irmáns Lees Holden, para o que determinan o 27 de decembro, “que momentáneamente se les consienta seguir disfrutando de su fabrica y huerta, quedando a expensas de lo que se dictamine en el caso de que en lo sucesivo se presenten miembros de la Compañía de Jesús que con mas utilidad ocupen esa casa, en cuyo caso se procederá a tomar la decisión que corresponda”.

O Ministerio de Facenda tamén envía unha carta ao concello onde pregunta pola posibilidade de que exista un lugar na cidade onde se poidan instalar os xesuítas, en lugar de facelo onde está a fábrica.

Co restablecemento do colexio dos xesuítas no horizonte, en decembro dese mesmo ano remitiuse unha notificación<sup>3</sup> por D. Manuel Abad ao concello para que informase sobre os bens pertencentes a dito colexio e o estado do seu edificio e o anexo. Por parte do concello e asinado por D Alonso de Otero y Valladares, no mesmo mes de decembro, dáse resposta aos datos solicitados<sup>4</sup>, da seguinte forma: “de los bienes y rentas que han posehido los Jesuitas de esta Villa, solo quedaron 4.707 reales de vellón con 32 misas anuales, de los que corresponden propiamente al colegio 1.865, incluidos los 600 que anualmente pagan los hermanos por la huerta, 1.982,32 pertenecen a la Obra pia fundada por los Condes de Mazedá; y los 660 restantes son propios de la Obra pia del Corazón de Jesús con la pensión de 63 reales anuales por tres misas cantadas: pagándose así mismo el fondo general de

*temporalidades 540 reales al año para aumento de la dotación de enseñanza y 600 de pensión a D<sup>o</sup> Teresa Josefa Ramírez en virtud de la R.O.*

*El actual destino de su Iglesia quedo en calidad de oratorio para los ejercicios de la casa de educación que se estableció en ella, en la que se celebraron sucesivamente las misas rezadas de fundación; y para este servicio se reconocieron dos calices y algunas ropas; y también 3 coronas de plata, 2 de ellas pequeñas; y algunos adornos de caro valor propios de las imágenes de S. Francisco Javier y S. Ygnacio”.*

O 8 de maio de 1816, D. Bartolomé Muñoz, Secretario da Cámara do Real e Supremo Consello de Castela, remite carta ao concello, onde lle comunica que o permiso concedido no R.D. do 29.05.1815 para que o restablecemento da orde da Compañía de Xesús nas cidades e vilas onde a solicitaran sexa amplo, xeral e sen limitación a todos os demais dominios da súa Maxestade, así como a España, Indias e Illas adxacentes, nas que se estableceu no momento da súa retirada, para que o entenda para o seu cumprimento no que lle corresponda.

Durante o tempo que a fábrica estivo na cidade, foron habituais as disputas entre os mestres e os irmáns Lees, ás que hai que engadir a excesiva dependencia que estes tiñan do financiamento público da coroa do Consulado da Coruña, e xunto coas irregularidades existentes no abastecemento da materia prima; todo isto provocou unha profunda crise, que en 1828 levou ao peche definitivo da fábrica, ordenado por decisión do Ministerio de Facenda<sup>5</sup>. Tal foi o punto final dunha industria que tivo a súa época de maior esplendor arredor dos anos 1804-1807, período no que contaba cuns 300 traballadores.

Tras o peche, no mesmo edificio continuou o ensino da gramática latina, e tamén se utilizaba para celebrar os entroidos xunto coa igrexa, ata que en 1845, por orde da raíña Isabel II, instalouse o colexio de secundaria, a escola infantil e a escola normal de mestres, ata o ano da construción do Hospicio en 1903, para en 1981 pasar a formar parte do museo da cidade.

3 AHPP – Concello de Pontevedra – leg 10 (1)

4 AHPP – Concello de Pontevedra – leg 10 (1)

5 Antonio Mejide Pardo, Los ingleses Lees y su fabrica de tejidos en Pontevedra, en MP XIX (1965).